

Historias que deixan pegadas nos nenos e nenas que veñen escoitalas

Pegadas de conto

Usando a literatura para traballar os contidos da aula

A campaña Impórtanos é unha campaña de sensibilización promovida polo "Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade" que ten como obxectivo principal o de promover a reflexión e o compromiso de todos e todas na consecución dun mundo máis xusto e sustentable.

*Esa é a proposta pedagóxica dunha **Educación para a Cidadanía Global** que aposta pola formación de cidadáns e cidadás críticos e participativos que busquen dar respostas éticas aos desafíos do mundo actual.*

Como?

- Poñendo en valor a **conexión entre o global e o local** resaltando o carácter **interdependente** de ambas dimensións e insistindo nas interconexións entre pasado, presente e futuro
- Espertando no alumnado a capacidade de ler a realidade, a curiosidade polo que sucede e a capacidade de sorprenderse e facerse preguntas...
- E promovendo o **compromiso para o cambio**, a través da acción participativa (pensar globalmente, actuar localmente)

Todos os nenos e nenas séntense atraídos polo mundo dos **contos** e, por iso, pensamos que os educadores podeades aproveitar ao máximo o seu potencial pedagóxico coas nosas sesións de contacontos.

O valor pedagóxico da lectura está nas experiencias narradas, reais ou ficticias, que nos abren expectativas de vida e pódennos fortalecer persoalmente, ofrecendo posibilidades de aprendizaxe social e de desenvolvemento persoal... Toda lectura é interpretación e esas diferentes maneiras de ser lida dependen das experiencias, o coñecemento, o contexto, a situación do lector, a súa identificación coa situación e os personaxes e a mobilización emocional que esa lectura lles produza.

Os contos, polo tanto, poden servir de motivación para abordar algún tema de Educación para a Cidadanía Global, a Solidariedade e o Desenvolvemento...

Nesta proposta de traballo, **Bea Campos** contará cinco contos seleccionados que pretendemos sexan unha oportunidade para achegarse a algunha desas temáticas de forma que, nas sesións seguintes, as e os docentes podades reflexionar coas nenas e nenos a través das actividades que vos parezan oportunas.

Ademais, para socializar os resultados, na nosa web temos unha sección na que colgaremos as vosas experiencias para que outros docentes podan aproveitálas e sacar o máximo partido ás experiencias.

O obxectivo destas sesións é axudar a que os nenos e nenas aprendan a coñecerse e confiar en si mesmos, comprendan aos demais, desenvolvan o seu autocontrol e melloren a súa capacidade para resolver problemas fomentando a súa creatividade. Todos eles aprendizaxes inherentes ao proceso lector.

Animádesvos?



Proposta de traballo

A sesión de contacontos

Terá unha duración aproximada de 45 minutos. Nela, contaremos ata cinco contos que vos detallamos a continuación.

O espazo, que debe estar preparado antes da chegada da contacontos (unha media hora antes da sesión) debe ser un lugar illado acusticamente (serve a biblioteca ou aula de psicomotricidade, pero non durante o recreo) suficiente e cómodo para que os nenos e nenas senten no chan.

Precísase dúas cadeiras sen brazos e un espazo libre de obxectos de aproximadamente un metro ao redor para a contacontos e o músico que a acompaña, con dispoñibilidade de toma de corrente.

As actividades

Para aproveitar a sesión propoñémosvos que exploredes na aula as temáticas facendo as actividades, ou reflexións que vos apetezan... pero deixámosvos un esquema de traballo que vos pode axudar:

1. Actividades previas á lectura

Teñen como obxectivo o de motivar ao alumnado para a experiencia. Pódese practicar a **anticipación** (coñecendo o título, a portada...), destacar os **coñecementos previos** e animar á **participación** (por medio de preguntas e xogos). Nas nosas sesións Bea Campos se encarga de introducir os contos, pero podedes observar, copiar ou introducir variantes cando leades de novo o conto (se vos apetece).

2. Actividades para a observación (durante a lectura)

Exercicios de comprensión lectora, lectura de imaxes e claves ocultas do conto (se as houbera) para facilitar a comprensión. Pódense facer preguntas sobre o conto, lembrar características dos personaxes, partir das ilustracións para recrear de novo o conto, repetir as cancións do conto...

3. Actividades posteriores á lectura

Actividades que favorecen a reflexión, a experimentación e a creatividade, así como a transferencia ou socialización (achegando a temática ás familias, ao centro, ou compartindo actividades).

Estas actividades achégannos de verdade á temática do conto e ao que implica no contexto global-local e terán o percorrido que lles queirades dar. Velaí van algunhas ideas:

Actividades creativas:

Inventar outro conto cos personaxes.
Continuar co conto para partir do final.
Buscar finais diferentes.
Introducir novos personaxes e describilos.

Dramatizacións:

As dramatizacións poden realizarse polos propios nenos e nenas ou a través de marionetas elaboradas polos nenos e nenas

Actividades musicais:

Imitar aos animais que aparecen no conto.
Imitar aos personaxes do conto.
Variar o ton da voz dos personaxes.
Inventar cancións para cada personaxe.

Actividades plásticas - artísticas:

Facer un debuxo sobre o conto ou debuxar aos personaxes
Recortar secuencias do conto e ordenalas
Elaborar murais dos contos
Construír un escenario para dramatizar o conto
Realizar marionetas ou personaxes en cartolina
Modelar en plastilina ou barro aos personaxes

Actividades de lóxica matemática:

Secuenciar as escenas do conto, o material, o principio e o fin
Ordenar as accións a partir de debuxos
Contar personaxes, animais...
Dicir disparates sobre o espazo e o tempo.



Logo da sesión e rematado o traballo posterior, pregámosvos que compartades o proxecto e as actividades connosco para incorporalas ao banco de recursos na nosa web.

Podedes enviarnos un correo a importantos@importantos.org coa seguinte información:

1. Os datos do conto
2. Os obxectivos didácticos traballados
3. As actividades realizadas co alumnado
4. Os comentarios e suxestións que queirades facer aos demais docentes



Os contos...

A árbore da escola Antonio Sandoval

http://www.kalandraka.com/fileadmin/images/books/dossiers/A-arbore-da-escola-G_01.pdf

No patio da escola había unha árbore. Só unha. A Pedro gustáballe correr preto daquela árbore durante os recreos. Cando pasaba ao seu lado mirábaa de esguello, para non chocar con ela. Un día, detívose e fixouse no seu aspecto. Era moi delgada, con pólas finas, como de arame, e tiña unhas poucas follas secas. Pedro achegouse e acariñou o seu tronco...

Un conto que destaca a importancia da educación ambiental, o espírito colaborativo e o contacto directo do alumnado coa natureza para a súa formación integral.

Contidos a traballar durante a actividade: pegada ecolóxica, sustentabilidade, coidado do planeta, educación das emocións



A galiña roxa Pilar Martínez

http://www.kalandraka.com/fileadmin/images/books/dossiers/A-galinha-roxa-G_01.pdf

Había unha vez unha galiña roxa que vivía nunha granxa cos seus pitiños. Na granxa vivían tamén un can lacazán, un gato durmiñón e un pato moi barulleiro. Un día, a galiña roxa andaba a remexer no chan en busca de comida, cando atopou uns grans de trigo. E tivo unha idea...

“A galiña roxa” é un conto tradicional, cunha temática que nunca deixa de estar presente na vida cotiá: o valor do esforzo e da constancia, que sempre dan bos froitos.

Contidos a traballar durante a actividade: a colaboración, a actividade do agro, o ciclo da natureza, sustentabilidade




Sapo y el forastero Max Velthuijs

<http://www.ekare.com/ekare/sapo-y-el-forastero/>

Un forasteiro fixo o seu campamento á beira do bosque e, mentres todos aseguran que non é como eles, Sapo decide pescudalo el mesmo. Para a sorpresa de todos, Rata fala varios idiomas e conta cousas maravillosas das súas andanzas polo mundo. Esta oportuna historia lémbra-nos que a diversidade é fonte de riquezas.

Contidos Educación para o Desenvolvemento: interculturalidade, migracións, esterotipos e prexuízos



Dónde viviré? Rosemary McCarney

<http://www.editorialjuventud.es/4438.html>

Onde vas se a túa casa xa non é un lugar seguro?

Todos os nenos necesitan unha casa, un lugar seguro onde poder ser felices, comer coa súa familia, xogar cos seus xoguetes, e pola noite deitarse e durmir sen medo.

Pero moitos nenos de todo o mundo tiveron que abandonar as súas casas porque xa non son seguras debido ás guerras e os conflitos armados, eles e as súas familias convertéronse en refuxiados.

Para eles a vida é moi dura e está chea de interrogantes. E con todo, atopan tempo para rir, xogar e facer amigos.

E o máis importante de todo, conservan a esperanza de que, nalgún lugar, alguén lles dará a benvida a un novo fogar.



Contidos a traballar durante a actividade: migracións, mobilidade, dereitos humanos, empatía

Wonder (todos somos únicos) R.J. Palacio

<http://www.megustaleer.com/libro/wonder-todos-somos-unicos/ES0150918>

Unha historia deliciosa, sinxela e amable que ilustra a importancia da diversidade e a importancia de aceptar aos demais tal como son.

«Sei que non podo cambiar o meu aspecto. Pero quizá, só quizá, a xente pode cambiar a súa maneira de mirar...»

Contidos a traballar durante a actividade: igualdade, diversidade, interculturalidade, empatía, tolerancia

